

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA DIXITAL

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día vinte de decembro do ano dous mil vinte e catro, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Dona Belén Cachafeiro Anta
Don Javier Tourís Romero, en substitución de Don Roberto José Álvarez Carrero
Dona María Isabel Couselo Torres, en substitución de Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Dona María Nava Castro Domínguez
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Javier Iglesias Mougán
Don Gorka Gómez Díaz
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Dona María Manuela Rodríguez Pumar, en substitución de Dona Beatriz Lomba Rodríguez
Dona María Ortega Iñarrea

Actuou como presidenta da Comisión Informativa Dona Belén Cachafeiro Anta, actuando como secretario Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1. Aprobación do borrador da acta da reunión ordinaria do 22 de novembro de 2024 (Exp. n. **2023057882**).

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, ordinaria, do día vinte dous de novembro de dous mil vinte e catro.



2. Dar conta da presentación das xustificacións dos proxectos: Desenvolvemento de Integración con Carpeta Cidadá, Plataforma de comunicación e xestión de incidencias nos Concellos, Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS, Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos Concellos e Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos Concellos, correspondentes á convocatoria das subvenciones da Orde TER/836/2022, de 29 de agosto, destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (**Exptes. nº 2023044604, 2022072412, 2022071982, 2022072647, 2022070883**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

3. Dar conta da comunicación da aprobación do proxecto "Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do empoderamento, apoio e posta en valor das Comunidades de Usuarios de Auga" por parte da Dirección Xeral de Axenda 2030 do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, no ámbito da convocatoria de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (**Expte nº. 2024050131**).

A Comisión informativa tamén queda enterada desde punto.

4. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as nove horas e cincuenta tres minutos, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. A PRESIDENTA

